

Internacional

Alumnos de 122 países cursan estudos no centro educativo das Nacións Unidas de Nova York

O pasado mes de xuño, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, visitou a United Nations International School (UNIS) para coñecer a metodoloxía pedagóxica e os distintos programas educativos que se desenvolven neste centro das Nacións Unidas de Nova York.

A UNIS ofrece unha educación internacional a alumnos de 122 países e dá prioridade á formación musical, por ser un instrumento de comunicación universal e a décima linguaxe que imparten.

O centro está integrado por tres escolas que comprenden as etapas de 5 a 10 anos; de 10 a 14; e de 14 a 18.

Dispón de 215 profesores e o curso pasado estaban matriculados 1.556 alumnos, dos que o 50% son fillos de diplomáticos da ONU e o resto está formado pola comunidade internacional de Nova York e por residentes nesta urbe.



A Consellería participou nunha actividade divulgativa realizada na casa de Galicia en Nova York para dar a coñecer as ensinanzas superiores que se poden cursar en Galicia

Nel impártense nove idiomas e os alumnos teñen a posibilidade de elixir entre francés ou español, como segunda lingua ou lingua nai. Ademais, ofértanse árabe, chinés, alemán, italiano, xaponés e ruso.

O director do centro, George Dymond, explicoulle á conselleira que practicamente o 50 % do alumnado escolle francés e o outro 50 % español como segunda lingua.

A formación artística, a relación interpersoal, a igualdade de oportunidades e unha visión global do mundo teñen un lugar destacado no currículo deste centro, que ofrece unha educación internacional.

Celebrouse en Madrid a 49.^a Olimpíada Matemática na que China consegue o primeiro posto



España acolleu a Olimpíada Internacional de Matemáticas (IMO) 2008, na que China consegue o máximo galardón. O evento estaba organizado polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, e a Real Sociedad Matemática Española. A competición, vai dirixida a estudantes de secundaria. Nesta 49.^a edición participaron 535 alumnos de 97 países. O equipo español, co posto 43, conseguiu 82 puntos, a segunda mellor puntuación, tras os 91 puntos acadados en 1987. Diego Izquierdo, Arnau Messegué e Gabriel Fürstenheim alcanzaron medallas de bronce e Juan José Madrigal, David Alfaya e Moisés Herradón foron distinguidos con mencións honoríficas.

Dos 535 participantes, tan só un estadounidense e dous chineses obtiveron unha puntuación de 42 puntos, o que supón resolver os seis problemas matemáticos propostos, de 7 puntos cada un. No outro extremo, 15 alumnos non acadaron ningún punto.

O medalleiro desta Olimpíada presenta 47 medallas de ouro, 100 de prata e 120 de bronce, ademais de 103 mencións honoríficas. O equipo chinés logra o oitavo triunfo das últimas dez olimpíadas con 217 puntos, a mellor puntuación colectiva.

O estudante iberoamericano mellor clasificado foi Fernando Manrique Montañés, de Perú, que conseguiu 35 puntos, o que lle supuxo empatar no duodécimo posto con outros dezaseis participantes, e obter unha medalla de ouro.

Olga Gil, presidenta da Real Sociedad Matemática Española, considera que as principais razóns que xustifican a distancia existente entre os españois e os países orientais e do Leste de Europa, poden ser o pensamento máis abstracto dos orientais e o seu maior adestramento para as probas. Na súa opinión, "eles teñen unha valoración moi positiva do esforzo, das matemáticas e da ciencia".

Proyecto Iberoamericano 2021: La educación que queremos para los jóvenes del bicentenario, unha nova oportunidade para Iberoamérica



A ministra de Educación, Política Social e Deporte, Mercedes Cabrera, participou na XVIII Conferencia Iberoamericana de Ministras e Ministros de Educación, celebrada en Sonsonate (O Salvador), organizada pola Organización de Estados Iberoamericanos (OEI) e co lema "Educación para la Juventud: clave del desarrollo". Nese encontro, celebrado os días 19 e 20 de maio de 2008, os ministros dos diferentes países acordaron poñer en marcha o "Proyecto Iberoamericano 2021: La educación que queremos para los jóvenes del bicentenario", un programa que abordará diferentes aspectos: acceso á educación inicial, básica, secundaria e superior; calidade educativa; inclusión social; acceso ás novas tecnoloxías na escola; alfabetización de mozos e adultos; xestión do sistema educativo; investimento en educación e políticas de equidade.

Na mesma reunión propúxose a creación dun fondo de cohesión educativo cun orzamento de 2.000 millóns de euros. De aprobarse, esta medida permitirá emprender retos, como a plena alfabetización para 2015 e fixar un tempo mínimo de escolarización. Nalgúns países só se escolarizan os nenos ata os 12 anos, aínda que nos máis avanzados, como Arxentina e Brasil, o fan ata os 14. O obxectivo é que a escolarización obrigatoria chegue ata os 16 anos. Tamén se intentará que a educación secundaria sexa obrigatoria, porque entre o 60% e o 75% dos mozos non completa a secundaria na metade dos países.

Os ministros acordaron elaborar un informe con vistas a presentar as súas liñas xerais na próxima Conferencia de Ministros Iberoamericanos de Educación, que se celebrará en Portugal no 2009.

A UNESCO analiza o desafío mundial que formula a alfabetización



Unha nova publicación da UNESCO, *The Global Literacy Challenge* (El desafío mundial que plantea la alfabetización), examina as múltiples dimensións da alfabetización de mozos e adultos no contexto do desenvolvemento, e amosa como se vincula a outros desafíos sociais, como a igualdade entre os sexos e a redución da pobreza.


O acceso ao texto escrito é esencial nas sociedades do coñecemento, pero a realidade mostra no mundo enteiro, que un de cada cinco adultos non sabe ler nin escribir e a fenda de alfabetización entre sexos está a se anchar moi paseniño: en 1985-1994 as mulleres representaban o 63% do total de analfabetos, en comparación co 64% que eran no período 2000-2006.

O *Global Literacy Challenge* examina o concepto ampliado de alfabetización vivente nas sociedades actuais, e aborda elementos bási-

cos para unha acción eficaz en materia de alfabetización: a formulación de políticas, a elaboración e execución de programas de calidade, a investigación para a achega de datos empíricos, o exame dos niveis de alfabetización, o seguimento e a avaliación, o financiamento axeitado e as alianzas. O volume conclúe co convite a dar un novo impulso a esta tarefa, mediante máis compromiso, mellor execución dos programas e unha maior asignación de recursos.

eduga someterá todos os traballos a informe de consultores na modalidade de revisión anónima, por esta causa, nunha das copias requiridas non figurarán nin datos persoais, nin calquera outro que poida indicar a autoría. No caso de que o tema así o requira procederase a consultar avaliadores externos. As avaliacións atenderán a criterios de relevancia, adecuación ás normas da publicación, actualidade do traballo e alcance das conclusións.

colabora



Colabor@ con investigación

Nesta sección recóllense artigos que, mediante o estudo sistemático, a análise científica e a realización de proxectos, axudan a comprender, explicar, interpretar ou transformar a realidade, tanto no que atinxe aos sistemas educativos, como á intervención pedagóxica.

Os traballos presentados deben axustarse ás seguintes normas:


- Non superar os 12 folios DIN-A 4 (21.000 caracteres), letra Times New Roman, 14 puntos.
- Os textos deberán incluír un mínimo de tres imaxes, que poden ser táboas, gráficos, ilustracións ou fotografías relacionadas co tema, motivo de estudo. Estes non se computarán na extensión do artigo sinalada no punto anterior.
- Deben estar escritos, preferentemente, en lingua galega, aínda que se admiten textos en castelán. Os que cheguen á redacción da revista nesta lingua serán traducidos seguindo a normativa oficial.
- Os textos deben ir precedidos dun título, un resumo do contido que, en ningún caso, superará as 15 liñas e cinco palabras clave.

Deben enviarse a:

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

Ou por correo postal en papel e CD ao enderezo postal:

Revista Galega do Ensino
Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 Edificio Administrativo San Caetano, s/n.
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA.



eduga